## 9. Transporte Escolar

Agradeceriamos a súa colaboración para fomentar no alumnado o seu bo comportamento, educación e respecto no autobús. Agradecemos tamén que nos comuniquen, coa maior brevidade posible, calquera anomalía, que sobre o mesmo, puidese xurdir.

## 10. Biblioteca

A biblioteca do centro conta cunha serie de exemplares dos libros de lectura obrigatoria. Ditos libros serán obxecto de préstamo. A petición e devolución de libros farase no tempo de recreo e será tramitada polo profesor/a de garda de biblioteca. Poderanse emprestar un máximo de dous libros por alumno ao mesmo tempo e préstanse por un prazo de quince días prorrogable, por outros quince, se non hai demanda do exemplar.

## 11. Axenda Escolar

Establécese o uso obrigatorio da Axenda Escolar ou block de notas para o alumnado de Primaria e Secundaria, que deberá traer ao centro conservada de forma adecuada durante o curso.

Esta axenda constitúe un instrumento de planificación que axudará aos vosos fillos/as e será canle de comunicación entre as familias e o centro educativo.

## 12. Acceso ao recinto escolar

Pregámoslles que para calquera aviso ou para entregar algo a un determinado alumno/a, se dirixan sempre ao conserxe.

As portas de acceso ao recinto exterior do colexio **abrirán ás 8:30**. Para acceder ao recinto empregarase a porta lateral do paseo marítimo. As portas de acceso ao interior do colexio permanecerán pechadas, a ser posible en horas de clase, pola seguridade do alumnado e para poder controlar as persoas que acceden ao mesmo.

No tempo de recreo o alumnado non debe achegarse ao valado, se algún familiar desexa entregar algo ou dar algún aviso debe dirixirse ao profesorado de garda de recreo

**Outubro 2016**



***A Dirección do Centro e Claustro de profesores agradecen a súa colaboración para que, entre todos, logremos que o Centro funcione da mellor forma posible.***



*NOTA*

*O Centro conta cun servizo de **Cafetería**, para toda a Comunidade Educativa aberta en horario lectivo e **celebracións** especiais.*


XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
CPI "A Xunqueira"

Avda. do Mar, s/n - San Valentín
15500 - Fene - A Coruña
Telf: 981 343 456 Fax: 981 343 855
cpi.axunqueira@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/cpiaxunqueira


# Circular Informativa

# Curso 2016 - 2017

## Índice


1. Calendario do curso
2. Horario de atención ao público do Equipo Directivo
3. Proxecto Abalar
4. Titorías
5. Faltas do alumnado
6. Profesores da ESO
7. Boletíns académicos informativos
8. Comedor
9. Transporte Escolar
10. Biblioteca
11. Axenda Escolar
12. Acceso ao recinto escolar




## 1. Calendario do curso

Períodos de vacacións

- Nadal: do 22 de decembro de 2016 ata o 6 de xaneiro do 2017, ambos os dous inclusive.
- Entroido: 27e 28 de febreiro e 1 de marzo de 2017.
- Semana Santa: do 10 ata o 17 de abril de 2017, ambos os dous inclusive.

Datas non lectivas:

- 31 de outubro de 2016.(Día do ensino).
- 5 de decembro de 2016 .
- 2 de maio de 2017.

## 2. Horario de atención ao público do Equipo Directivo

Directora

- todos os días de 12:10 a 13:45

Xefas de estudos

- Infantil e primaria: todos os días, de 8:45 a 9:30.
- Secundaria: luns, martes e mércores de 11:05 a 11:50; venres de 09:35 a 11:05

Secretaria

- Martes, mércores, xoves e venres de 11:05 a 11:50.

Adminstrativa

- Todos os días, de 9:00 a 13:30.

## 3. Proxecto Abalar

Os alumnos/as de 5º e 6º de Educación Primaria e 1º e 2º de Educación Secundaria participarán no Proxecto Abalar da Consellería de Educación. Para ver no que consiste o citado proxecto poden visitar a seguinte páxina web

http://wwww.edu.xunta.es/web/abalar

## 4. Titorías

Cada curso ten o seu profesor/a titor/a. Pregámoslles que se o pai, nai ou titor legal do alumno/a quere unha entrevista co mesmo/a acorde una cita, antes da visita, para unha mellor atención.

Titores e Mestres de E. Infantil e Primaria:

Todos os xoves de 17:15 a 18:00.

Titores de E SO:

| | |
|---|---|
| 1º A: Cristina Porteiro | venres de 10:20 a 11:05 |
| 1º B: Lucía Sesto | martes de 10:20 a 11:05 |
| 2º A: Manuel Cruz | venres de 09:35 a 10:20 |
| 2º B: Dulce López | xoves de 10:20 a 11:05 |
| 3º A: María Anca | luns de 11:05 a 11: 50 |
| 3º B: Ana Sobrido | xoves de 12:10 a 13:00 |
| 4º A: Xosé L. Couce | luns de 10:20 a 11:05 |

Departamento de Orientación:

| | |
|---|---|
| Mª Paz López | mércores de 13:05 a 13:45 |
| | xoves de 08:45 a 09:35 |

## 5. Faltas do alumnado

Todos os alumnos teñen a obriga de asistir ás clases; as faltas de asistencia deben ser xustificadas ao titor por escrito ou mediante a APP abalarMóbil. É necesario chamar telefonicamente para indicar que o/a alumno/a vai faltar a clase. No caso de non xustificar convenientemente as faltas, iniciarase o protocolo de absentismo escolar.

O titor/a, no boletín académico informativo trimestral, porá todas as faltas xustificadas e inxustificadas para o seu coñecemento.

Os titores/as enviarán mensualmente un informe de faltas de asistencia e puntualidade dos seus alumnos .

## 6. Profesores da ESO

Os horarios das visitas serán os seguintes:

Berta Blanco (PT) venres de 11:05 a 11:50

Diego Calviño (E. Física) mércores de 12:10 a 13:00

Ana Figueroa (Inglés e Latín) mércores de 11:05 a 11:50

Mª Carmen González (L Cast) martes de 12:10 a 13:00

Xosé A Guillermo (Relixión) xoves de 10:20 a 11:05

Mª Isabel Hermida (Mat) martes de 11:05 a 11:50

Mª Montserrat Iglesias (F e Q) luns de 11:05 a 11:50

Sandra López (Francés) xoves de 09:35 a 10:20

Blanca López (Tec) martes de 11:05 a 11:50

Lucía Prieto (Xeo e Hª) mércores de 10:20 a 11:05

Concepción Rodríguez (Mat) mércores de 11:05 a 11:50

Mª Pilar Vázquez (L Gal) mércores de 12:10 a 13:00

Purificación Vila (CC Nat) xoves de 11:05 a 11:50

## 7. Boletíns académicos informativos

Serán informados trimestralmente do rendemento académico do alumno/a, cun boletín que terán que asinar os pais/nais e devolver ao Centro (agás ao final do curso).

As datas de entrega serán:

- 21 de decembro
- 7 de abril
- fin de curso

Os alumnos da ESO con materias pendentes de cursos anteriores recibirán dous boletíns (finais de xaneiro e principio de maio) coas cualificacións de ditas materias.

## 8. Comedor

Este servizo está xestionado pola ANPA. Os alumnos cubrirán unha ficha de inscrición podendo asistir a diario ou días soltos. Os avisos para altas e baixas comunicaránse a calquera membro da ANPA ou na cafetería antes das 9:15 do día que se trate.

No caso dos alumnos de infantil e primaria, débense avisar aos titores dos días que se acode ao comedor, ben cunha nota na axenda ou chamando por teléfono.